

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Nº 20

Ano 3

xaneiro-febreiro 2009

BICENTENARIO DA INVASIÓN DE GALICIA POLAS TROPAS NAPOLEÓNICAS


Na Fronda número 16 conmemorouse o bicentenario da creación a principios de xuño de 1808 da Xunta de Defensa e Arma-

mento de Ourense, nacida como resposta á ocupación da Península Ibérica polas tropas napoleónicas. Non obstante, ata xaneiro de 1809 os franceses non pisaron territorio galego. Comandados polos mariscais **Soult** e **Ney**, entraron en Galicia perseguindo ao exército do **Marqués de la Romana** e ás tropas inglesas do xeneral **Moore** que se batían en retirada. En quince días os invasores foron ocupando as vilas e cidades galegas sen atopar apenas resistencia.

Ao tempo que o minguido e exhausto exército do Marqués de la Romana se ía internando na provincia de Ourense, moitos soldados foron desertando polo camiño. La Romana comisionou, entre outros, ao capitán de granadeiros **Bernardo González del Valle «Cachamuña»** para que procedese á reorganización do seu exército a través da reunión e reincorporación dos soldados que se foran dispersando e, ademais, para que vixiase os movementos das tropas francesas en Ourense e arredores.

Precisamente, o documento ao que se lle dedica este número de *Fronda* é a **orde-circular** remitida por «Cachamuña» a distintos párrocos e xuíces para que «**hagan presentar a todos los soldados dispersos de sus respectivas jurisdicciones**». Tamén ordena a todos aqueles que non participen nas actividades de defensa, que lle **entreguen as armas** que teñan ou as que lle foran subtraídas aos franceses.

Con cuartel xeral en **Boborás**, parece que o capitán González cumpríu con eficacia a encomenda e algunhas fontes falan –quizá esaxeradamente– do recrutamento dun continxente de 4.500 homes que se incorporou ao exército de la Romana acantonado no **val de Monterrei**. Pero a sonda de heroe gañouna sobre todo pola súa participación na «reconquista» da cidade de **Vigo**, onde se lle atribúe unha acción épica que anualmente se conmemora nesta cidade.



1809, marzo, 14. Boborás.

Minuta da orde-circular remitida polo capitán Bernardo González «Cachamuña» a párrocos e xustizas de distintas xurisdicións ourensás para que fagan presentarse aos desertores e para que confisquen armas a aqueles individuos que non participen na loita contra os franceses.

Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 1 fol.; 215 x 314 mm; Boa

AHPou, Casa de Lorenzana, caixa 9737

de v...
dos m... Dado en el Cuartel General de Boborás a diez días
del mes de marzo año de mil ochocientos y nueve. Reencan-
ga a don Juan Tur... la pronta conducción y entrega de los efectos
reales en poder de don Juan Tur... o su substituto.

Bernardo González

En copia de la orden Circular de acervo de habia la q. inmedia-
tamente se dióse a los curas Párrocos de esta zona q. se instruyan
de ella despachando al conductor sin detenerle mas tiempo
q. el q. necesiten p. a. le xite anotando el recibo a su comarca.
Roucos marzo 14. de 1809.

Os movementos de tropas en Ourense

Na súa retirada desde a Maragatería, o exército de Galicia ou «**Ejército de la Izquierda**», como se denominaba ás tropas comandadas polo Marqués de la Romana, entrou en territorio galego por **Valdeorras**, pasou por **Trives** e acampou brevemente na cidade de Ourense a principios de xaneiro de 1809. Consciente da súa vulnerabilidade e sabendo da inminente chegada das tropas napoleónicas, abandonou a cidade cara ao val de **Monterrei** para evitar o enfrontamento directo cos franceses que en anteriores encontros lle fixeran prisioneiros a case 3.000 soldados. Por iso, cando o **20 de xaneiro de 1809** os invasores chegaron a **Ourense**, ocuparon a cidade sen resistencia.

Desde o val de Monterrei, La Romana, recoñecido como máxima autoridade de Galicia, intentou dirixir as accións antifrancesas en todo o reino en coordinación coas reconstituídas **xuntas locais de Defensa** e coas partidas de guerrilleiros.

O día 23 de xaneiro varias unidades militares francesas saíron de Ourense cara **Portugal** para abrirlle camiño ao continxente militar que ao mando de **Soult** planeaba entrar no país veciño. En **Allariz** e **Xinzo** atoparon focos de resistencia que foron derrotados co custo de moitas vidas e o saqueo das dúas vilas. Cando os franceses alcanzaron o val de Monterrei, o exército de La Romana xa tomara rumbo cara a **Puebla de Sanabria**.

A resistencia popular: xuntas e alarmas

Ante o entreguismo das autoridades da maioría das vilas e cidades e a desmembración e debilidade do exército de Galicia, xurdiu no ámbito rural un **movemento popular de resistencia** concretado, primeiro en accións espontáneas, e logo mediante a constitución de partidas de guerrilleiros sometidas a disciplina militar que recibiron o nome de «**alarmas**».

Este movemento foi alentado e liderado por membros das **elites do Antigo Réxime** aos que secundaron os restantes grupos sociais que vían con impotencia e arrepío as atrocidades do invasor. **Cregos**, **monxes** e **fidalgos** capitanearon «alarmas» de **campesiños** que aproveitaron a morfoloxía física de Galicia para frustrar sen descanso ao exército fran-

cés. Dificultaban ou impedían a circulación dos invasores polas principais vías de comunicación co fin de incominalos co alto mando e co goberno de **Xosé I**. Con esta estratexia conseguiron desorientar e desorganizar aos exércitos imperiais que, acantonados nas cidades, se viron incapaces de controlar o territorio.

No sur de Galicia organizáronse **pequenos exércitos**, como o capitaneado por Cachamuíña ou os comandados polo **párroco do Couto** e o **abade de Valladares** respectivamente, que tras sucesivos éxitos guerrilleiros tomaron a iniciativa de asaltar as cidades.

Derrotas como a «reconquista» de Vigo ou a **batalha de Ponte Sampaio**, a paulatina perda das cidades e a desastrosa estratexia militar de Soult e Ney fixeron insostible a permanencia militar francesa en territorio galego. O **30 de de xuño de 1809** os exércitos de ambos mariscas xa abandonaran Galicia.

«Cachamuíña», heroe da reconquista de Vigo

Bernardo González del Valle, alias «Cachamuíña», é un persoeiro anualmente recordado na cidade de **Vigo** polo seu papel heroico na «**reconquista**» ou liberación da cidade.

Nacera en 1771 no seo dunha familia fidalga e ao igual que o seu pai seguira a carreira militar. O alcume polo que é coñecido procede da súa localidade natal, Cachamuíña, situada no actual concello do **Pereiro de Aguiar**.

En xuño de 1808 a **Xunta Suprema de Galicia** destináralo a **Ourense** con grao de capitán de granadeiros e, tras a ocupación de Galicia en 1809, o marqués de la Romana nomeáralo *Comandante de los Paysanos Armados*. Con cuartel xeral en **Boborás**, na **xurisdición de Roucos**, recrutou, organizou e equipou con armas e munición aos campesiños da comarca que se converteron nun foco de resistencia que acadou sona en toda Galicia tras protagonizar distintas fazañas bélicas.

Despois de participar co seu exército de voluntarios na liberación de **Pontevedra** o 24 de marzo de 1809, asistiu ao cerco da cidade de Vigo que se iniciara a principios dese mesmo mes. O 27 de marzo, durante o asalto á cidade, dise que o propio Cachamuíña, pese a recibir varios impactos de bala, conseguiu abrir a machadazos a **porta de Gamboa**. Este heroico feito permitiu penetrar ás milicias populares na cidade e forzar a capitulación dos franceses. En recompensa foi nomeado **gobernador militar de Vigo**.



XUNTA
DE GALICIA

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

Textos: Francisco Sandoval Vereá. Deseño: Duen de Bux

D.L. OU 67/2006

Fronda

Nº. ex.: 001/100